

Colaboran:

David Mon (Kaito Estudios)

Héctor Manasé

IMAXIÑA 2023

Festival Audiovisual da Mariña

Centros que participan:

IES Monte Castelo
IES Perdouro
IES Marqués de Sargadelos
IES Dionisio Gamallo
IES Vilar Ponte
IES María Sarmiento
IES Illa de Sarón
IES Alfoz - O Valadouro
IES de Foz
Fundación Eu Son
Asociación Saúde Mental A Mariña
Asociación Camiña
ASPANANE

Data límite de entrega: 30 de decembro



indecum
fundación



DEPUTACIÓN
DE LUGO

VICEPRESIDENCIA



Cultura

BASES IMAXIÑA 2023

O **Festival Audiovisual da Mariña** cumpre a súa 13ª edición, sendo fiel a un concurso que busca aflorar as inxerencias culturais dos estudantes e diferentes colectivos da Mariña Lucense. Preténdese introducir aos mariñáns no ámbito audiovisual, ofrecerlles a oportunidade de expresar o que senten pola súa terra a través da imaxe, empregando os soportes tecnolóxicos do seu día a día.

Por outro lado, tamén aspiramos a promover a integración e inclusión de todas as persoas a través de actividades nas que participen tanto centros de ensino coma asociacións e fundacións dirixidas a persoas con diversidade funcional.

DATAS DE INTERESE

Venres 1 de decembro de 2023: Apertura do prazo de presentación para o concurso.

Sábado 30 de decembro de 2023: Data límite de presentación de fotografías para o concurso (ata as 00.00 horas).

Xaneiro de 2024: Entrega de premios e inauguración da exposición.

PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas aquelas persoas que estean cursando estudos de formación (ESO, ESA, bacharelato, ciclos formativos...) durante o ano académico 2023-24 nos institutos **Monte Castelo (Burela)**, **Perdouro (Burela)**, **Dionisio Gamallo (Ribadeo)**, **Marqués de Sargadelos (San Cibrao)**, **Vilar Ponte (Viveiro)**, **María Sarmiento (Viveiro)**, **Illa de Sarón (Xove)**, **Alfoz-O Valadouro e Foz**.

Así mesmo estará dirixido a@s usuari@s da **Fundación Eu Son**, **Asociación Saúde Mental A Mariña**, **Asociación Camiña** e **ASPANANE**.

Temática: **A Mariña**

CATEGORÍAS

Estudantes: as persoas matriculadas nalgún dos centros de ensino anteriormente citados, que se presenten ao concurso, participarán nesta categoría.

Asociacións: as persoas usuarias nalgunha das asociacións anteriormente citadas que se presenten ao concurso participarán nesta categoría.

EN AMBAS AS CATEGORÍAS PODERANSE PRESENTAR UN MÁXIMO DE 3 FOTOGRAFÍAS.

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

a. Admisión de obras

Os traballos deben mandarse a través do servidor **www.wetransfer.com** ao correo electrónico: **contacto@imdecum.com**

Na mensaxe de envío deberán figurar nome e apelidos do concursante, DNI, centro e curso, teléfono de contacto e correo electrónico de contacto.

Os traballos, que poderán ser individuais ou grupais, deben ser inéditos e orixinais. Non se admitirá ningún traballo cuxos dereitos de propiedade intelectual non pertencen integramente e sen excep-

ción ao propio participante do concurso.

Para os traballos nos que aparezan persoas recoñecibles, os concursantes deberán ter a súa autorización.

A organización resérvase o dereito a pedir unha carta asinada polas devanditas persoas, autorizando o uso da súa imaxe, que o participante deberá presentar no caso de ser seleccionada a súa obra.

A organización resérvase o dereito de descartar e excluír do concurso os traballos presentados nos seguintes casos:

§ Cando non se adapten á temática do concurso

§ Cando non reúnan un mínimo de requisitos de calidade artística, a xuízo da organización

§ Cando puideran resultar de mal gusto ou ofensivos polo seu contido, a xuízo da organización

§ Cando non alcancen o mínimo establecido nos requisitos técnicos

b. Requisitos técnicos

As obras presentadas deberán ter calidade suficiente para ser reproducidas e difundidas. Os traballos deberán axustarse aos seguintes requisitos técnicos:

Fotografías: JPEG, con resolución mínima de 200 ppi

Peso máximo dos traballos: 20 Mb

PREMIOS

Haberá un premio por categoría, tratándose dun **vale por material fotográfico/videográfico de 150 euros**.

Na categoría de **Estudantes** o autor ou autora da mellor imaxe será galardoado cun **vale por material fotográfico / videográfico de 150€**.

Na categoría de **Asociacións** a entidade (asociación ou fundación) da que o gañador ou gañadora sexa usuaria será beneficiaria dun **vale por material fotográfico/videográfico de 150 euros**.

XURADO E CRITERIOS DE SELECCIÓN

O xurado estará composto por membros da Fundación, así como artistas mariñáns que colaborarán na presente edición. O xurado poderá reservarse o dereito de facer unha preselección das mellores propostas, con votación final en redes sociais.

Os criterios de selección serán:

-A transmisión dun concepto claro

-A orixinalidade

-A técnica: composición, luz e encadramento

RESOLUCIÓN DOS PREMIOS

Unha vez seleccionado a proposta gañadora de cada categoría, @s beneficiad@s serán informad@s a través do número de teléfono facilitado e correo electrónico, así como a través do centro de ensino do que forman parte. Neste momento, a FUNDACIÓN informará os gañadores do lugar, data e hora no que se lles fará entrega do premio. Un día despois, a organización poderá facer público o nome de persoas gañadoras de Imaxiña 2023 a través das redes sociais (Facebook e X-Twitter) da entidade, así como da páxina web www.imdecum.com.

No caso de que a persoa gañadora do concurso non fora localizado nos 2 días naturais seguintes á resolución do xurado, este decidirá se declara deserto o premio ou se selecciona unha nova obra. En calquera momento, o xurado poderá declarar deserto calquera dos premios.

DEREITOS DE AUTORÍA

A organización do concurso resérvase o dereito de expoñer as fotografías e vídeos, pero recoñeceranse os dereitos de autoría a cada participante.

Os dereitos de uso, difusión, distribución, exhibición, exposición, comunicación pública, divulgación e reprodución de todos os traballos presentados ao concurso quedarán cedidos á Fundación Imdecum, co obxecto de que esta os poida reproducir e comunicar pública, gratuitamente e con identificación da autoría se o considerase preciso.

PROTECCIÓN DE DATOS

Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril (GDPR) e Lei Orgánica 3/2018 de 5 de decembro (LOPDGDD).

Os participantes no presente concurso aceptan e dan o seu consentimento para que os datos persoais esixidos para a inscrición no concurso sexan incorporados a un ficheiro automatizado titularidade da Fundación Imdecum e tratados coa finalidade de desenvolver o concurso e que se conserven durante non máis tempo do necesario para manter o fin do tratamento ou mentres existan prescricións legais que ditaminen a súa custodia. A entrega dos datos persoais esixidos para a inscrición no concurso é obrigatoria para poder levala a cabo.

De igual modo, a Fundación Imdecum adoptou os niveis de seguridade de protección dos Datos Persoais requiridos, e procura instalar aqueles outros medios e medidas técnicas adicionais ao seu alcance para evitar a perda, mal uso, alteración, acceso non autorizado e roubo dos Datos Persoais facilitados polos participantes do concurso.

A Fundación queda expresamente autorizada a utilizar tales datos para finalidades de comunicación e promocionais sobre as súas actividades, autorizando expresamente os concursantes á Fundación para o envío de comunicacións sobre as súas actividades e promocións, incluídas as comunicacións electrónicas e autoriza a publicar os seus datos na web e redes sociais da Fundación.

Os concursantes teñen recoñecidos e poderán exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición, contactando por escrito coa Fundación Imdecum a través do correo electrónico contacto@imdecum.com. Tamén se informa de que pode reclamar ante a autoridade de control en www.aepd.es

ACEPTACIÓN TÁCITA DAS BASES

A simple participación neste concurso supón a aceptación destas bases na súa totalidade. A Fundación Imdecum resérvase o dereito de modificar as condicións do presente concurso en calquera momento, e incluso de anulalo ou deixalo sen efecto, sempre que concorra causa xustificada para iso. En todo caso, comprométese a comunicar por esta mesma vía as bases modificadas ou, no seu caso, a anulación do concurso no seu conxunto, de forma que tod@s@s participantes teñan acceso á devandita información.

As bases estarán dispoñibles na dirección dos centros participantes para calquera persoa que queira consultalas.